

#### ÁLBUM DA CIENCIA:

A elaboración desta nova versión do Álbum da Ciencia supón un esforzo investigador e divulgativo dun amplo equipo de especialistas. A dirección foi encomendada a Xosé A. Fraga Vázquez, da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade do Consello, quen contou coa colaboración do coordinador desa Sección, Francisco Díaz-Fierros Viqueira, na codirección, e de Alfonso Mato na coordinación e redacción.

**D I S C U R S O**  
QUE EN LA APERTURA  
DE LA  
ACADÉMIA MÉDICO-QUIRÚRGICA  
DE  
GALICIA Y ASTURIAS  
EL DÍA 2 DE ENERO DE 1811  
PRONUNCIÓ SU VICE-PRESIDENTE  
el Lic. Don Ricardo Bernárdez.

## Ricardo Bernárdez

Protagonista da  
consolidación das institucións  
médicas liberais en Galicia

Nacemento: Vigo 1780. Falecemento: DescoñecidaA  
Coruña

Autor/a da biografía: Rafael Sisto Edreira

Data de alta: 08/03/2013

Ámbitos de ocupación: Medicina /

---

Realizou estudos de gramática latina na súa cidade natal, onde seu pai exercía de médico titular. Trasládouse posteriormente a Santiago para seguir a carreira de Medicina despois dos tres preceptivos cursos de filosofía, e obtivo praza no colexio de San Xerome. Taboada (1840) afirma que ampliou a súa formación en Madrid cos doutores Severo López e Neira, cos que practicou a clínica.

En 1807 foi nomeado Practicante Maior de Medicina Militar nos hospitais das tropas acantonadas nas costas de Galicia e Portugal, correspondéndolle trasladarse a Porto (Portugal), onde tivo que pasar reválida de estudos a principios de 1808. A mediados dese mesmo ano foi nomeado médico de número do Hospital Militar de Tui e, ao ano seguinte, auxiliar do Hospital de Vigo, onde xa estivera exercendo o seu pai e onde el tomará praza de primeiro médico do establecemento en 1813.

Destacado militante liberal, tivo que exiliarse en Burdeos (Francia) cando se produciu a restauración absolutista de 1823. Alí permaneceu uns dez anos, exerceu a súa profesión e iniciou a súa produción científica escrita, presumiblemente coa tradución da obra de François-Joseph Double (1776-1842), *Informe sobre la cólera-morbo, leído en la Academia real de medicina de París, en su sesión general los días 26 y 30 de julio de 1831*, que aumentou cunha táboa cronolóxica das principais irrupcións do cólera en Asia e Europa. Nesta etapa semella ter publicado tamén unha obra titulada *Monografía sobre las fiebres en general*.

De regreso a Galicia estableceuse en A Coruña coma médico titular da cidade, da súa Xunta de sanidade e da deputación provincial, encargándose interinamente da vicedirección do corpo de sanidade militar do distrito e formando parte da comisión provincial da Sociedad Médica general de Socorros mutuo. A maior responsabilidade asumíuna en 1840, cando se lle encargou a dirección da Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia y Asturias despois da súa reorganización coma consecuencia do alzamento progresista. Esta institución, creada dez anos antes, con sede en Santiago e logo trasladada á Coruña, tiña a misión de difundir os estudos científicos relacionados coa súa especialidade e de propor solucións para os problemas de saúde pública, especialmente no caso das enfermidades epidémicas e endémicas. Hai que salientar o seu esforzo na difusión da vacinación antivariólica e na loita contra a intrusión.

En 1834 dou ao prelo un estudo titulado *Consideraciones sobre los efectos generales y particulares de los baños de mar*, aínda que maior relevancia tivo o seu discurso de apertura na Academia Médico Quirúrgica, lido en 1841, cando era o seu vicepresidente (Bernárdez, 1841). Neste discurso fuxe dos temas típicos destes actos, pouco conflictivos e dedicados xeralmente a facer unha historia acrítica dos avances médicos, e propónse combater os abusos que fan os profesionais da época de certos remedios. Ecléctico e práctico declarado, capaz de valorar os pequenos síntomas diferenciadores, ataca con dureza aos sistemáticos. Pon coma exemplo o cambiante das teorías médicas a respecto das sangradas, combate o abuso dos vexigatorios e epispáticos e denuncia as causas: a preguiza e a indiferenza, a ignorancia e a prevención sistemática que practican certos médicos, aínda afectados por certas supersticións existentes na profesión. A obra deixa translucir certa relación con Francisco Neira, xa que fai referencia, nos seus exemplos, a algúns comentarios feitos por Neira do visto nas súas viaxes.

## **Bibliografía:**

Fontes documentais:

Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. Expedientes persoais, cartafol 130.

Fontes impresas:

BERNÁRDEZ, Ricardo (1832): *Informe sobre la cólera-morbo, leído en la Academia real de medicina de París, en su sesión general los días 26 y 30 de julio de 1831* [Traducción da obra de Double, François-Joseph (1776-1842)], Burdeos: Impr. de P. Véanme.

BERNÁRDEZ, Ricardo (1837): *Consideraciones sobre los efectos generales y particulares de los baños de mar*, A Coruña.

BERNÁRDEZ, Ricardo (1841): *Discurso que en la apertura de la Academia Médico Quirúrgica de Galicia y Asturias pronunció su vice-presidente, el licenciado (...)*, Coruña: Imp. de Iguereta.

Bibliografía secundaria:

COUCEIRO FREIJOMIL, A. (1951): *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, Santiago: Ed. de los Bibliófilos Gallegos: T. I: 148-149.

MEIJIDE PARDO, A. (1988): *La Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia y Asturias. Creación y primeros años de actividad (1831-1840)*, [Separata de Medicina Galaica, 41, A Coruña].

TABOADA LEAL, N. (1840): *Descripción topográfico-histórica de la ciudad de Vigo, su ría y alrededores con una noticia biográfica de varios hombres ilustres hijos del país*, Santiago: Imprenta Vda. e hijos de Compañel.

---

Como citar esta páxina:

Rafael Sisto Edreira ([2013], "Ricardo Bernárdez", en *Álbum da Ciencia. Culturagalega.org. Consello da Cultura Galega*. [lectura: 12/12/2019] [URL: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=424>]

Máis información e materiais complementarios en  
<http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=424>

Un proxecto do

**Consello da Cultura Galega**

Pazo de Raxoi, 2º andar

15705 Santiago - A Coruña

Tel.: +34 981957202